



FONDO LIBROS PARA O CURSO 2023/2024

ORDE do 10 de maio de 2023 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2023/24

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: Do 22 de maio ao 21 de xuño do 2023

A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PÓDESE FACER VÍA ELECTRÓNICA a través do formulario normalizado (ED330B-anexos I e II) accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED330B>

NO PROPIO CENTRO EDUCATIVO, NO HORARIO DE SECRETARÍA: DE LUNS A VENRES DE 13:40H A 14:40H

A solicitude será única para todos os fillos/as admitidos no mesmo centro docente se a fai de xeito presencial. Se a presentan na aplicación terán que realizar unha por cada beneficiario/a

BENEFICIARIOS: Alumnado de Educación primaria matriculado no curso 2023/2024 en centros sostidos con fondos públicos.

MODALIDADES:

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO 3º-4º-5º-6º PRIMARIA

O alumnado que vaia cursar 5º e 6º do noso centro non poderá solicitar o fondo solidario de libros por estar dentro do proxecto e-dixgal, que dotará ao alumnado de soporte informático necesario .



Pode solicitalo o alumnado que no 2023/2024 curse de 3º e 4º de Educación Primaria. Os libros disponibles repártense entre os admitidos por orde inversa á renda per cápita **ata que se esgoten** as existencias. En todo caso recibirán:

- **6 libros**, renda* per cápita **igual ou inferior a 6.000 €**.
- **4 libros**, renda* per cápita **superior a 6.000 e igual ou inferior a 10.000€**.

AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO 1º e 2º PRIMARIA

- Renda* per cápita **igual ou inferior a 6.000 €**.....**240€**
- Renda* per cápita **superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€**.....**160€**

AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR (DE 1º ATA 6º DE PRIMARIA)

- Para rendas* per cápita **igual ou inferior a 6.000 €**.....**75€**
- Para rendas* per cápita **superior a 6.000 € inferior a 10.000€**.....**60€**

*** NON SE APLICA O LÍMITE DE RENDA Ó ALUMNADO TUTELADO POLA XUNTA DE GALICIA, O ALUMNADO DE EDUCACIÓN ESPECIAL OU CON DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 65%.**

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- Solicitud segundo o Anexo I.
- Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).
- Copia do libro de familia ou documento equivalente onde figuren o alumno e os demais membros computables da unidade familiar.
- En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

Excepcionalmente (cando non sexa posible facelo polos medios anteriores), poderase acreditar o número de membros computables do seguinte xeito:



- 1 Certificado ou volante de convivencia ou
 - 2 Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello onde reside a familia.
- Certificado de discapacidade do/da alumno/a ou de calquera membro da familia **non expedido pola Administración autonómica.**
 - Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero.
 - Resolución xudicial constitutiva da curatela representativa ou resolución xudicial que estableza a patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 - Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores, para alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
 - **Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde reside a familia, no caso de que o pai ou a nai ou o/a titor/a ou tutores/as carezan de DNI ou NIE.**

NO CASO DE NON AUTORIZAR A CONSULTA DE DATOS DEBERÁN APORTAR A MAIORES DESTA A DOCUMENTACIÓN RECOLLIDA NO ARTIGO 12 DA ORDE.

PARA O CÁLCULO DA RENDA PER CÁPITA

- Situación familiar a 31 de decembro de 2021 e o exercicio fiscal 2021
- A renda familiar obtense da Suma das casiñas nº: 435+ 460 da declaración da renda do ano 2020 dividida entre o nº de membros computables da unidade familiar, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos grados de total, absoluta ou gran invalidez.
- No caso de non presentar declaración terase en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- No caso de divorcio ou separación non se considera membro computable aquel que non conviva (EXCEPTO NOS CASOS DE CUSTODIA COMPARTIDA); non obstante, se é o caso, considerarase membro computable o novo cónxuxe ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga.



DETERMINACIÓN DA UNIDADE FAMILIAR (a 31 de decembro de 2021):

MEMBROS COMPUTABLES

- Os pais non separados legalmente nin divorciados, ou de ser o caso o titor ou titores do alumando.
- Fillos e fillas menores de idade con excepción dos emancipados.
- Fillos e fillas maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente
- Fillos e fillas solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.
- **Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.**
- A persoa que por novo matrimonio ou en situación de unión de feito ou en situación de afectividade análoga ás anteriores de convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumno, **agás nos casos de custodia compartida.**
- Cando **non exista vínculo matrimonial** a unidade familiar entenderáse constituída polo pai, nai e todos os descendentes que convivan no domicilio familiar que reunan os requisitos.

MEMBROS MEMBROS NON COMPUTABLES

- A persoa proxenitora que non conviva co alumnando no caso de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- O agresor nos casos de violencia de xénero.